

# INTRODUCCIÓN

Como persoas veganas e comprometidas coa liberación animal e a loita antiespecista, témonos atopado con moitos xeitos distintos de tratar de desacreditar ou de criticar mediante falacias o estilo de vida vegano, e as eleccións políticas e éticas tanto sociais como persoais que implica. Unha das máis recentes é aquela que plantexa o veganismo coma un suposto privilexio “primermundista”, que as brancas clase media ou alta tratarían de impoñer a outras sociedades, civilizacións e culturas do mundo.

Non obstante, pasando por alto que o noso obxectivo nunca foi nin será privar a ninguén dos medios para a súa subsistencia (de feito, é ao contrario, e son o especismo e a sociedade industrial os que semellan perseguir ese fin, e non só con animais de outras especies), e pese a ser conscientes de que a viabilidade dun estilo de vida vegano varía en función das condicións de cada territorio, non podemos obviar que as análises e ensaios de numerosas autoras, dende Jason Hribal e Gary Francione ata o texto *“Bestias de carga”* de Antagonism and Practical History\*, demostraron que a explotación de animais non-humanos, e toda a maquinaria de cosificación e devaluación sistemática que sempre sustentou a moral e a ideoloxía especista, son principalmente (aínda que non soamente, sendo honestas) froito dun Occidente podre, codicioso e invasor, mentras que aquelas sociedades orixinarias que sufriron a colonización imperialista que roubou as súas terras, esmagou as súas culturas e exterminou ás súas poboacións, mantiveron na súa maioría (con excepcións, claro) unha relación cos animais baseada no respecto contemplándoas coma iguais incluso cando, por necesidade (e non por capricho nin por unha cruel demostración de forza) cazábanos.

De feito, son varias as persoas que, orgullosas da súa orixe indíxena e nativa, defenderon e asumiron un estilo de vida vegano, ao ver as conexións que vencellan a opresión que sufriron os seus pobos coa opresión e exclusión que sufran as animais non-humanas e a natureza. Nalgúns casos, foron estas compañeiras quenes levaron os seus compromisos ata as últimas consecuencias e puxeron a súa propia vida e liberdade en xogo para liberar do seu cautiverio a

---

\* Disponible en: <http://ia601802.us.archive.org/29/items/BestiasDeCarga/BdcA5.pdf>

animais, ou para destruír os medios usados para a súa explotación. Exemplo disto é a Western Wildlife Unit, unha célula da Fronte de Liberación Animal que actuou en EEUU contra a industria peleteira e os seus accionistas, e cuxas integrantes, nativas americanas, pertencían á Nación Coiote.

Considerando todo isto, para nós, pese a ser un colectivo de persoas brancas que viven en Europa, non ten sentido plantexar o veganismo coma unha custión imperialista centrada en impoñer os nosos perfectos valores morais occidentais a todo o mundo. Do que se trata é de visibilizar a dinámica de opresión implícita no especismo e con iso amosar os paralelismos existentes entre as distintas formas de dominación, artellando un movemento forte, capaz de subvertir todas esas estruturas véndoas coma unha soa, sen perder de vista as particularidades e aspectos concretos que caracterizan cada unha delas.

Por iso, decidimos traducir ao galego e editar este texto, coa sá intención de profundizar no debate, e de deixar claro dunha vez por todas que o veganismo non só é compatible co respecto e a valoración das costumbres e cultura dos demais pobos do mundo, senón que de feito é o imperialismo occidental o que, con frecuencia, exporta a mentalidade especista a outros lugares e sociedades onde non existía, e impón un xeito único de relacionarse cos animais e coa natureza.

Contra o imperialismo, o colonialismo e toda imposición cultural ou étnica.

Contra toda fronteira.

Contra o especismo e todas as súas excusas.

Ata que todas sexamos libres. Pola anarquía...

Distribuidora Anarquista Polaris.

Galiza. Inverno de 2016.

*Nota: Neste texto dimos prioridade ao xénero feminino, invertindo o esquema habitual da lingua onde se prioriza o xénero masculino nos plurais neutro e demais. Estamos fartas de connotacións patriarcais na linguaxe. Ademáis, todas somos persoas, unha palabra feminina.*

# COLONIALISMO, IMPERIALISMO E LIBERACIÓN ANIMAL

*O Colonialismo non é unha máquina pensante, nin un corpo dotado de facultades de razoamento. É violencia no seu estado natural, e só cederá cando se enfrente cunha violencia maior.*

– *Frantz Fanon [1]*

En teoría, non é preciso sinalar a brutalidade e a violencia que impregnan os proxectos coloniais e imperialistas de varias sociedades que foron indo e vindo ao longo da historia. As arcas nas que estes eventos están documentados están, coma Marx dixo sobre o capitalismo, pingando da cabeza aos pés, por cada poro, sangue e suciedade. Pero na práctica, o único perigo radica precisamente en non volver a contar esta historia dabondo, máis que en contala demasiado a miúdo.

Falemos das africanas, escravizadas e traídas ás Américas como unha ferramenta para os intereses imperialistas, ou das nativas americanas a quenes roubaron as súas terras, a súa liberdade e finalmente as súas vidas, da miseria absoluta no Congo baixo dominio belga ou do imperialismo británico na India, os temas subxacentes comparten unha semellanza impactante. Os corpos das conquistadas foron cosificados como máquinas para facer o traballo dos seus novos amos, as súas terras e riquezas foron confiscadas e as súas culturas e sociedades, en moitos casos foron destrozadas e destruídas. Para lograr isto, toda unha filosofía de dominación foi aplicada a través dunha rede brutal e multicapa de racismo, sexismo, persecución relixiosa e universalismo cultural, funcionando estrictamente baixo a perspectiva dos conquistadores. As culturas e prácticas das nativas foron vilipendiadas e demonizadas (algunhas veces literalmente, como en forma de cazas de meigas), mentras o comportamento atroz de parte dos imperios invasores – tanto no seu fogar como nas súas novas colonias – foi a miúdo explicado como algo xustificable ou incluso coma necesario.

Non é de extrañar, entón, que o anarquismo, por definición, opoñase a estas prácticas de dominación, nin que as anarquistas estén entre as máis críticas con este proceso e os seus efectos prolongados. Este é o caso tamén das anarquistas implicadas na loita pola liberación animal, xa que moitos paralelismos poden establecerse de xeito que o altamente devaluado estatus das animais non-humanas podería ser usado como unha plataforma para deshumanizar e deslexitimar ás poboacións conquistadas e ás súas culturas. Coas animais xa coidadosamente encaixadas na narrativa como meras ferramentas e obxectos para a explotación humana, etiquetar aos pobos colonizados como animais inmediatamente trouxo á vida as asociacións desexadas. \*\*

A pesar disto, a moitas gustaríalles integrar a loita pola liberación animal dentro do proxecto imperialista, como unha forma de imperialismo cultural, convertindo a tales anarquistas ou a outras activistas pola liberación animal nas autoras dunha das cousas que máis aborrecen. A miúdo é a forte defensa da abstención total da explotación animal, o veganismo, o que da lugar ás acusacións de racismo e imperialismo. Como nos atrevemos a forzar os valores occidentais sobre as culturas e sociedades indíxenas?

Esta é unha acusación moi seria, e comprensiblemente percibida como insultante por moitas persoas envoltas na loita antiespecista. Pero en última instancia, é unha acusación pola que vale a pena preocuparse, porque facelo arroxa algo de luz sobre algúns dos supostos implícitos na acusación en sí mesma. Para empezar, o imperialismo, e todas as súas ferramentas destructivas, foron medios para dominar a outras e asentir unha cultura sobre outra. O veganismo, neste sentido, é acultural. Non aplica dobres raseiros deixando que algo se deslice a un só lugar pero non ao outro, non trata de establecer xerarquías culturais e non busca establecer a dominación. Pola contra, é o desmantelamento da dominación, en todas as súas formas, o que o veganismo busca. Non aceptaríamos expresións culturais implicando a escravitude, o

---

\*\* Sirvan de exemplo as chamadas “*Exposicións etnográficas*” onde familias nubias, laponas, samoanas etc. eran secuestradas polos seus colonizadores e traídas á forza para expoñelas como atracción, de forma parecida a como hoxe se capturan e expoñen animais non-humanos nos Zoolóxicos, co pretexto dunha suposta función “educativa”.

Patriarcado ou a explotación económica – sen importar de que cultura estemos falando – así que, por que íamos a aceptar calquer forma adicional de dominación nun lugar pero non noutros? Gary L. Francione, un autor pola liberación animal, resposta a esta acusación de xeito sucinto:

*Aquelas neste grupo, piden a pregunta e asumen que o especismo está xustificado. É dicir, a súa posición ascende á visión de que é racista ou culturalmente insensible tratar de protexer os intereses doutro grupo marxinado e particularmente vulnerable, as animais non-humanas. Imaxínome que a maioría daquelas que teñen este punto de vista non obxectarían nada se os seres marxidados fosen outras humanas. Pero este é só outro xeito de establecer a supremacía e excepción humanas. Eu atopo isto tan obxectable como establecer a supremacía racial [2]*

En todo caso, as anarquistas veganas adoptan valores que están fortemente en conflito coa cultura occidental contemporánea, e a maioría dos seus esforzos apuntan, con razón, ás sociedades occidentais, porque é aquí onde unha parte significativa da severa explotación de animais non-humanas ten lugar. Non só iso, senón que ademáis é en moitos casos a influencia occidental a que incrementa – ou polo menos exerce unha presión cultural e económica para elo – os niveis de explotación animal en sociedades nas que non se consumen produtos de orixe animal, ou consúmense en cantidades relativamente pequenas, tales coma o caso da India, e das Jainistas en particular. Ningunha anarquista vegana quere levarse os medios para a subsistencia. A reivindicación é, mais ben, que quen teña os requisitos prácticos – económicos, ambientais, sociais – debería escoller non danar a seres sentintes por razóns arbitrarias coma os hábitos ou as preferencias no sabor.

En realidade, ao tentar aplicar connotacións imperialistas a quenes propoñen o veganismo, unha inconscientemente coloca as culturas occidentais coma o suxeito, e as culturas indíxenas coma o obxecto. Mentras que a cultura occidental é dinámica, sempre cambiante e aberta a cuestionamentos, as culturas indíxenas son estáticas, e están confinadas ao estado no que os poderes coloniais as atoparon fai centos de anos, incapaces de evolucionar e de desafiar as

súas propias normas e así desenvolverse.

De feito, como apuntou Margaret Robinson, unha vegana de orixe indíxena:

**Cando o veganismo é construído como algo branco, as persoas das Primeiras Nacións que escollen unha dieta sen carne son retratadas como se sacrificasen a autenticidade cultural. Isto presenta un desafío para aquelas de nós que vemos as nosas dietas veganas como ética, espiritual e culturalmente compatibles coas nosas tradicións indíxenas. [3]**

O empuxe contra o pensamento especista debería trascender as barreiras culturais, como debería facer calquer loita global contra a opresión, unindo así ás participantes a través de tales divisións. Cuestionar parte das culturas por cuestións de opresión – dende dentro ou non – só é hipócrita cando se fai co tradizoal disfraz de ignorar as mesmas cuestións en casa. Pero aquí as veganas e as anarquistas son inflexibles e enfatizan a inxustiza na cultura occidental como unha das maiores causas do problema en primeiro lugar. En moitas lendas indíxenas, o uso de animais foi visto como un sacrificio feito por necesidade, non pola habilidade de dominar. Moitas destas culturas foron empurradas máis alá desa relación coa natureza, e como tales poden, dentro da súa propia herdanza espiritual e cultural, atopar argumentos para ir máis alá da relación de cosificación coas demais animais con frecuencia imposta pola conquista imperialista. Noutras palabras, cando as condicións materiais xa non precisan a explotación das animais non-humanas por supervivencia, as tradicións indíxenas poden en moitos casos ser vistas como un argumento a favor do veganismo, e non contra él.

Cando a xente simplifica o veganismo por este tipo de crítica, típicamente tamén calificándoo como unha forma mais de consumismo, equívocanse ao promovelo como a única solución ao problema. Pero eu non teño que crer que absterme de mercar escravas, por sí mesmo, deterá o tráfico de escravas, para crer que que non sería ético para min participar na merca/venta de persoas escravizadas. Consecuentemente, o activismo e o veganismo son dous compoñentes para alcanzar unha meta – a fin da dominación humana das

animais non-humanas.

Mentras o compoñente activista da liberación animal promove a axitación, a acción directa e actividades similares, o veganismo é un xeito de vivir xa aquí e agora sen ser cómplice na perpetuación da explotación, que, ademais de amosar que os nosos fins poden ser os nosos medios, tamén amosa que é unha alternativa viable, e con iso pavimenta o camiño para outras que queiran seguir o exemplo. A carga da proba debería estar nas participantes do ciclo da explotación animal, que demostren que a pesar da súa participación, as súas eleccións non teñen efectos en rede negativos sobre o benestar as criaturas sentintes. Porque se as súas eleccións teñen esas consecuencias, e existe unha alternativa práctica que non as ten, daquela está claro que a alternativa é unha elección mellor. Isto é especialmente certo se ademais sumamos que a alternativa é sinérxica coa loita máis ampla contra a dominación.

Hai unha diferenza aquí entre a loita anticapitalista por unha banda e a loita antiespecista pola outra. Mentras o capitalismo impregna toda a nosa sociedade e pode ser moi difícil ou mesmo contraproducente para unha mesma distanciarse totalmente del, a nosa dominación sobre outras animais está literalmente anunciando a súa propia presenza onde sexa que a enfrotemos, e é con frecuencia inmediatamente evitable, así que non temos que marxinaros a nós mesmas da sociedade ou actuar de xeitos altamente impracticables para retirarnos desa perpetuación. En lugar diso, unha crítica afiada das prácticas capitalistas tales coma a gandeiría industrial pode ser usada como unha lanzadeira para un ataque maior contra o capitalismo como sistema. Hai sinerxias abundantes compañeiras, e todas debemos apoiar ás demais en construír un movemento forte, polifacético e vibrante, que desafie ás ideoloxías dominantes da sociedade do presente en todas as fronteiras nas que entra en conflito coa liberdade e o benestar de todas.

O veganismo, coma unha elección ética, é así un complemento consistente ao activismo na procura da fin da dominación e a explotación de animais non-humanas. Trascende culturas, e do mesmo xeito que outras formas de opresión debe ser resistida sen importar onde persista. Todas as culturas están vivindo e constantemente evoluíndo e poden, dentro da súa propia comprensión cultural,

atopar as ferramentas e os medios a través dos cales o especismo, o racismo, o sexismo, o capitalismo, ou calquer outra forma de dominación poidan ser enfrentados. Todas as que nos opoñemos á dominación deberíamos atopalos dentro do seu interese por implicarse ou polo menos por apoiar a loita antiespecista, porque, que forma de dominación podemos imaxinar mais severa que a noción de que é aceptable dañar e matar seres sentintes só porque a alguén gústalle o seu sabor?

-

### *Notas:*

*[1] Os condenados da Terra – Frantz Fanon*

*[2] Racism Versus Speciesism: A Moral Battleground? – Katrina Fox*

*[3] Veganismo e lendas Mi'kmaq. As feministas nativas comen tofu – Margaret Robinson (traducido e editado polo noso colectivo e dispoñible para súa descarga e consulta online gratuita en: <https://distripolaris.noblogs.org>).*

*Este texto foi traducido por nós a partir doutro texto publicado en inglés en <http://www.shoresofanarres.org> e editado en formato fanzine pola distribuidora anarquista estadounidense Warzone, cuxo material pódese consultar e descargar gratis en: [archive.org/details/@xanticivqueerx](http://archive.org/details/@xanticivqueerx)*